

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 4/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 21 DE MARZO DE 2023

ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 19544/101. Expte. Pleno 3774/1101.
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 19543/101. Expte. Pleno 3773/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
 Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
(incorpórase ás 9.14 h.)
 Espinosa Mangana Elena
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria
 Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Batolomé Tocino, Carlota
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista.
 Egerique Mosquera, Teresa, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e un de marzo do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 1 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(42).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 19544/101. EXPTE. PLENO 3774/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2023, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

I. Antecedentes

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 16 de marzo de 2023 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade.

SEXTO.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 15 de marzo de 2023, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade 2023, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 2 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PROPOSTA**A) Medalla da Cidade**

A proposta do presente ano 2023 de galardado, a motivación e méritos para outorgar a distincións ao candidato para recibir a Medalla da Cidade 2023 é ESTALEIROS ARMÓN VIGO, S.A.

B) Motivación para outorgar a distinción a ESTALEIROS ARMÓN VIGO, S.A..

O Estaleiro ARMÓN VIGO, S.A. está especializado na construción de buques de alto valor engadido e gran tonelaxe en aceiro, así como na reparación, transformación e acondicionamento de embarcacións.

Realizou maioritariamente proxectos de buques pesqueiros aínda que tamén fixo entrega a armadores privados e institucións públicas doutro tipo de embarcacións como buques escola, catamaráns, Ferris, mercantes, remolcadores e os modernos oceanográficos do que é actualmente un referente internacional.

Despois da compra de Hijos de J. Barreras, converteuse no maior construtor naval privado de España e no segundo de Europa (sen incluír os estaleiros de cruceiros), só por detrás do grupo holandés Damen.

C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo.

De conformidade co exposto, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte..."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 3 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión da Medalla de Ouro da Cidade 2023 a ESTALEIROS ARMÓN VIGO, S.A. por ser un referente internacional na construción de todo tipo de buques de alto valor engadido e gran tonelaxe en aceiro, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

1.(bis)(43).- OUTORGAMENTO MEDALLA DA CIDADE DE OURO DA CIDADE 2023 A TÍTULO PÓSTUMO. EXPTE. 19546/101. EXPTE. PLENO 3775/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2023, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

“I. Antecedentes

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 16 de marzo de 2023 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade.

SEXTO.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 15 de marzo de 2023, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade 2023, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 4 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PROPOSTA

A) Medalla da Cidade

A proposta do presente ano 2023 de galardado, a motivación e méritos para outorgar a distinción ao candidato para recibir a Medalla de Ouro da Cidade a título póstumo é D. CEFERINO DE BLAS Y GARCÍA, CRONISTA OFICIAL DA CIDADE.

B) Motivación para outorgar a distinción a D. CEFERINO DE BLAS Y GARCÍA, CRONISTA OFICIAL DA CIDADE.

Ceferino foi director do Faro de Vigo, decano da prensa nacional, no período comprendido entre os anos 1986 e 1994; mostrou un profundo coñecemento da defensa e difusión da historia, da cultura, das tradicións e dos valores humanos de Vigo e dos seus cidadáns destacando os seus estudos, investigacións e publicacións sobre Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Valentín Paz Andrade, Francisco Fernández del Riego ou José Filgueira Valverde.

Por todo o seu traballo e amor a esta cidade foi nomeado *Cronista Oficial da Cidade* nun acto celebrado o 10 de marzo de 2017.

Desde esa data se converteu no relator de históricos acontecementos da cidade, tanto presentes como do pasado, igual que fixeran os sus predecesores. A súa última obra, "Vigo y la Navidad", publicada o pasado novembro, foi tamén o seu último acto público.

C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo.

De conformidade co exposto, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte.../



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 5 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión da Medalla da Cidade 2023 a título póstumo a D. CEFERINO DE BLAS Y GARCÍA, CRONISTA OFICIAL DA CIDADE, polo seu traballo como xornalista, escritor e Cronista da Cidade de Vigo e polo seu profundo coñecemento, defensa e difusión da historia, da cultura, das tradicións e dos valores humanos de Vigo, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

2.(44). NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 19543/101. EXPTE. PLENO 3773/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2023, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

“Antecedentes

I.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo

II.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vagueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

III.- Mediante instrución de servizo de data 15 de marzo de 2023, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 6 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excma. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2023”, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

IV.-O Regulamento Orgánico do Pleno aprobado polo citado órgano o 30.05.2016 establece no seu artigo 28.4 como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

V.- En data 16.03.2023 celebrouse Xunta de Voceiros/as extraordinaria co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no artigo 28.4 Regulamento Orgánico do Pleno, e co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas e Vigueses Distinguidos/as e da Medalla de Ouro da Cidade.

PROPOSTA

A) Distinguidas/os

A proposta do presente ano 2023 de galardoada/os, a motivación e méritos para outorgar as distincións aos candidatos e candidatas aos galardóns Viguesas e Vigueses distinguidos 2023 son os que de seguido se indica:

1.- D ON MARTÍN DE LA PUENTE RIOBÓ, deportista paralímpico de Vigo, xogador de tenis en cadeira de rodas, exemplo de superación que leva o nome de Vigo por todo o mundo.

2.- D ONA ÁFRICA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, médica inmunóloga catedrática de inmunoloxía da Universidade de Vigo, co-fundadora da empresa Nanoimmunotech e académica da Real Academia de Farmacia de Galicia.

3.- D ONA MARÍA CASTRO JATO, actriz viguesa, presentadora de televisión, bailarina e ex ximnasta rítmica.

4.- D ONA MARIANA FERNÁNDEZ PÉREZ (MARIANA CARBALLAL), docente, directora de cinema, teatro , televisión e activista pola igualdade de xénero na cultura.

5.- D ON MIGUEL MARTÍNEZ MÉNDEZ- SELECCIONADOR NACIONAL FEMENINO, adestrador de baloncesto vigués, é o actual seleccionador nacional.

6.- D ONA ANA MARIA ULLA MIGUEL, primeira catedrática de astrofísica da Universidade de Vigo e a terceira persoa en Galicia que acada ese grado.

7.- D ON ANTÓN VIDAL ANDIÓN, Vicevaledor do Cidadán de Vigo desde 2002, pertenceu ao equipo fundado da Universidade de Vigo da que, en distintas etapas, foi xerente, vicerreitor de asuntos económicos e asesor xurídico.

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

8.- CEIP MESTRES GOLDAR

9.- CEIP RAMÓN Y CAJAL (PICACHO)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 7 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- COLEXIO PLURILINGÜE NS ESPERANZA

11.- Don FRANCISCO AMOEDO MARTINEZ "PACO AMOEDO", Coordinador do Club Polideportivo Saudade, boxeador e adestrador de grandes campións do mundo do boxeo.

12.- VIG-BAY, proba de atletismo de medio maratón entre Vigo, Nigrán e Baiona cun percorrido de 21.097 metros. A entidade organizadora e promotora da proba é o Clube de Corredores "Vig-Bay".

- EX AEQUO AOS CLUBES DEPORTIVOS.

13.- CLUB DEPORTIVO VALADARES

14.- RACING DE CASTRELOS F.C.

B) Motivación para outorgar a distinción

1.- DON MARTÍN DE LA PUENTE RIOBÓ

O tenis chamou a súa porta cando apenas era un crío. Adaptouse á perfección ao tacto da raqueta e á calor da pista. Aos dous anos foi diagnosticado co Síndrome de Proteus o que lle provocou que tiveran que amputarlle o seu pé esquerdo.

As ilusións de Martín non minguaron, púxose o traxe de guerreiro e comezou có tenis en cadeira de rodas. A súa loita e entrega xunto co apoio da súa familia fixo que con tan só 17 anos tivera no seu palmarés tres títulos nacionais.

No ano 2016 cumpriu o seu soño: acudir a uns Xogos Para olímpicos: Rio de Xaneiro foi testemuña do rexurdimento dun fito, un deportista único capaz de superar imposibles.

Nos xogos de Tokio conseguiu un novo Diploma, certificando a súa entrada na elite mundial do tenis en cadeira de rodas.

A súa explosión internacional definitiva se produciu no ano 2022 rematando o ano como 1º da clasificación mundial na categoría de dobres, despois de acadar o seu primeiro Grand Slam, o Open dos Estados Unidos e vencer na Copa de Mestres na categoría de dobres.

2.- DONA ÁFRICA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Africa González é unha médica inmunóloga catedrática de inmunoloxía da Universidade de Vigo, co-fundadora da empresa Nanoimmunotech e académica da Real Academia de Farmacia de Galicia.

Lidera un grupo de investigación na resposta inmune, inmunolóxica básica e aplicada e no desenvolvemento de vacinas que poidan axudar a erradicar enfermidades infecciosas.

Foi coordinadora de diversos proxectos biomédicos e poñente en diversos congresos e seminarios. A súa labor de divulgación da inmunoloxía a través de actividades en colexios, institutos, televisión, prensa e radio é intensa e frutífera.

3.- DONA MARÍA CASTRO JATO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 8 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

María Castro é unha actriz viguesa, presentadora de televisión, bailarina e ex ximnasta rítmica.

Antes de dedicarse por completo á interpretación exerceu como profesora de Educación Física. Estudou Xornalismo e ten estudado danza contemporánea, ballet clásico, danza moderna, hip-hop e cabaret.

Realizou varios cursos de interpretación e dobraxe e saltou a fama como actriz pola súa interpretación na coñecida serie *Pratos Combinados*.

4.- DONA MARIANA FERNÁNDEZ PÉREZ (MARIANA CARBALLAL)

Mariana Carballal é docente, directora de cinema, teatro , televisión e activista pola igualdade de xénero na cultura.

Profesora de Dirección Escénica na Universidade de Vigo e de Interpretación para Cámara na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg).

Compaxina as súas facetas de educadora co seu trabalo artístico e co seu activismo feminista.

5.- DON MIGUEL MARTÍNEZ MÉNDEZ- SELECCIONADOR NACIONAL FEMENINO

Miguel Méndez, adestrador de baloncesto vigués, é o actual seleccionador nacional. Leva acumulando trofeos desde o ano 2000 cando dirixiu o último gran Celta Feminino.

Co equipo celeste levantou unha Liga e unha Copa da Raíña.

A súa primeira aventura internacional foi no Schio Italiano co que acadou tres ligas, dúas copas e tres Súper copas.

Durante anos compaxinou o seu traballo á fronte de grandes clubs nacionais e internacionais coa dirección das categorías inferiores da selección española.

6.- DONA ANA MARIA ULLA MIGUEL

A viguesa Ana Ulloa é a primeira catedrática de astrofísica da Universidade de Vigo e a terceira persoa en Galicia que acada ese grado.

Profesora de física na facultade de Bioloxía é sobre todo investigadora do espazo profundo e os exoplanetas, os mundos que xiran máis alá do sistema solar.

Ademais de impartir física forma parte do grupo galego que traballa co satélite Gaia que interpreta e estuda os datos da sonda espacial.

7.- DON ANTÓN VIDAL ANDIÓN

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, pertenceu ao equipo fundado da Universidade de Vigo da que, en distintas etapas, foi xerente, vicerreitor de asuntos económicos e asesor xurídico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 9 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Noutras etapas foi membro do Instituto de Mediación e Arbitraje, asesor das centrais sindicais Uso e CSG e Árbitro laboral do Consello Galego de Relacións Laborais.

Na actualidade é Presidente dos Consellos de Administración da Editorial Galaxia, Merlín Comunicións, Soños do Gatapedro, Mar Maior Argentina, Vicepresidente da Fundación Penzol, da Fundación Otero Pedraio, Patrón Fundador das Fundacións Isla Couto e Blanco Amor así como da editorial SEPT.

Dende 2002 é Vicevaledor do Concello de Vigo una dedicación altruísta que implica estar permanentemente en contacto cos problemas da cidadanía.

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

8.- CEIP MESTRES GOLDAR

O CEIP Mestres Goldar atópase situado nunha zona privilexiada ao lado do parque de Castrelos. A pesar de contar con mais de 50 anos cheos de vivencias está coidado con esmero e a sensación é de benestar polas súas características: amplitude de espazos tanto dentro dos edificios como no xardín onde o alumnado goza nas horas de recreo, luminosidade e decoracións alegres feitas polos nenos e nenas.

O profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable para o alumnado que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade sen abandonar as normas que deben existir en toda comunidade educativa. A relación coas familias é fluída facilitando o proceso de aprendizaxe e a relación de todo o alumnado.

9.- CEIP RAMÓN Y CAJAL (PICACHO)

Situado no Casco Vello de Vigo caracterízase por ser un centro democrático e participativo no que toda a Comunidade Educativa colabora conxuntamente na consecución de obxectivos educativos e valores.

O alumnado aprende a desenvolver todas as súas capacidades, as competencias básicas, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver coas actitudes e valores tales como a educación para a paz, para o non sexismo, para a solidariedade e a cooperación, a liberdade, o sentido da xustiza individual e colectiva, o respecto e tolerancia mutuos, a igualdade de todas as persoas, os dereitos humanos o rexeitamento á violencia e o respecto polo mundo que habitamos, respectando todas as crenzas e opinións.

En definitiva un colexio de nenos e nenas felices.

10.- COLEXIO PLURILINGÜE NS ESPERANZA

O colexio está situado na rúa Cambeses pero os seus inicios se localizan na avenida de Ramón Nieto.

O proceso educativo inclúe unha metodoloxía didáctica aberta a flexible, fiel aos principios pedagóxicos fundamentais: activa, continua e formativa, a través dun ensino personalizado que implica o respecto á persoa, á súa individualidade, ás súas peculiaridades, etapas de maduración e proxectos de futuro dentro do marco dunha educación democrática.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 10 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A misión do Centro é dotar ao alumnado de instrumentos necesarios que permitan o seu desenvolvemento integral como persoas e así conseguir unha educación de calidade. Inculcándolle a necesidade dunha formación continua e de esforzo tanto para o seu desenvolvemento persoal como profesional.

11.- Don FRANCISCO AMOEDO MARTINEZ “PACO AMOEDO”.

Coordinador do Club Polideportivo Saudade, boxeador e adestrador de grandes campións do mundo do boxeo, é unha figura indiscutible do boxeo galego grazas aos seus triunfos, o proxecto do ximnasio Saudade e o inxente traballo non só deportivo senón de fomento de valores sociais na nosa cidade, inculcando os valores do deporte a centos de rapaces e rapazas viguesas.

Abandeirado de cidade de Vigo polos lugares máis afastados do mundo, moitas veces izándoa no mais alto. Así o demostran as cifras acadadas cos seus pupilos: 66 campionatos de España; a concorrencia 32 veces no Campionato de Europa, no que gañaron catro veces e un empate ; e a participación en catro mundiais.

12.- VIG-BAY.

É unha proba de atletismo de medio maratón entre Vigo, Nigrán e Baiona cun percorrido de 21.097 metros, medida homologada pola Real Federación. A entidade organizadora e promotora da proba é o Clube de Corredores “Vig-Bay”.

A idea partiu de D. Eduardo Vieira Montenegro, empresario vigués e corredor que no seus adestramentos adoitaba facer o percorrido pola costa. O nome Vig-Bay nace da síntese de Vigo e Baiona.

A primeira edición comezou co século XXI o 27 de febreiro de 2000 con 613 atletas participantes. No ano 2019 celebrou as 20 edicións coas dúas modalidades, a do medio maratón e o gran reto dun maratón. Despois do obrigado parón do COVID-19 volveu coa 2ª edición do maratón, a 21 edición do medio maratón e a 1ª edición da MINIBAY (a metade do medio maratón) reunindo entre as tres probas a mais de 6.500 participantes, récord de participación dunha proba deportiva na nosa cidade.

A VIG-BAY representa os valores que atesoura a nosa cidade: o esforzo, a superación, a diversidade e tamén a solidariedade. Compre salientar a participan de atletas con diversidade funcional.

- EX AEQUO CLUBS DEPORTIVOS.

13.- CLUB DEPORTIVO VALADARES

O Clube deportivo Valladares foi fundado no ano 1923 na parroquia de Valadares e actualmente compite na Preferente Autonómica.

Empregan como piares fundamentais o respecto mutuo e a visión común

O entorno dun equipo no que todos camiñan na mesma dirección é sinónimo e éxito.

14.- RACING DE CASTRELOS F.C.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 11 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Racing de Castrelos nace na parroquia que leva o seu nome no ano 1923.

Na actualidade ten a súa sede social- administrativa no campo de fútbol municipal Monte de Mina.

Dispón de 11 persoais desde equipo afeccionado, xuvenil, cadete, infantil, alevín, benxamín e prebenxamín. Ademais conta cunha escola de fútbol base formada por nenas e nenos de 4 a 6 anos.

C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo

De conformidade co exposto, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitada a emenda á proposta de acordo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 12 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2023”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

- 1.- MARTÍN DE LA PUENTE RIOBÓ, deportista paralímpico de Vigo, xogador de tenis en cadeira de rodas, exemplo de superación que leva o nome de Vigo por todo o mundo.
 - 2.- ÁFRICA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, médica inmunóloga catedrática de inmunoloxía da Universidade de Vigo, co-fundadora da empresa Nanoimmunotech e académica da Real Academia de Farmacia de Galicia.
 - 3.- MARÍA CASTRO, actriz viguesa, presentadora de televisión, bailarina e ex ximnasta rítmica.
 - 4.- MARIANA FERNÁNDEZ PÉREZ (MARIANA CARBALLAL), docente, directora de cinema, teatro, televisión e activista pola igualdade de xénero na cultura.
 - 5.- MIGUEL MARTÍNEZ MÉNDEZ- SELECCIONADOR NACIONAL FEMENINO, adestrador de baloncesto vigués, é o actual seleccionador nacional.
 - 6.- ANA MARIA ULLA MIGUEL, primeira catedrática de astrofísica da Universidade de Vigo e a terceira persoa en Galicia que acada ese grado.
 - 7.- ANTÓN VIDAL ANDIÓN, Vicevaedor do Cidadán de Vigo desde 2002, pertenceu ao equipo fundado da Universidade de Vigo da que, en distintas etapas, foi xerente, vicerreitor de asuntos económicos e asesor xurídico.
- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:
- 8.- CEIP MESTRES GOLDAR
 - 9.- CEIP RAMÓN Y CAJAL (PICACHO)
 - 10.- COLEXIO PLURILINGÜE NS ESPERANZA
 - 11.- Don FRANCISCO AMOEDO MARTINEZ “PACO AMOEDO”, Coordinador do Club Polideportivo Saudade, boxeador e adestrador de grandes campións do mundo do boxeo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 13 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12.- VIG-BAY, proba de atletismo de medio maratón entre Vigo, Nigrán e Baiona cun percorrido de 21.097 metros. A entidade organizadora e promotora da proba é o Clube de Corredores "Vig-Bay".

- EX AEQUO AOS CLUBS DEPORTIVOS.

13.- CLUB DEPORTIVO VALADARES

14.- RACING DE CASTRELOS F.C.

SEGUNDO.- "Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno".

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Medalla de Vigo e Vigueses Distinguidos
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Martes, 21 de Marzo de 2023 09:05:21
Fecha Fin : Martes, 21 de Marzo de 2023 09:19:47
Duración : 00:14:26

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3293

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 194 MiB
lodevigo.seneca.tv:443/s/fEEyiuXvYxsZJo0zy3v9TfFzsBJSIHLNCCWQR1hMBJhbjaNj.wmv
SHA512 - 06ff770d878ad9fa2818ea644aec10a50ef421e35fa26ba623d241a02a8960a657fe339
6ef71a26050a969f0f22a0f111ae1e2dd7f7dd661f3f03c760e04466a

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 720p, Stereo, 193 MiB

SHA512 - 8e4e0d465bcfc50f53df1a3d3467716342f5650f80681662c134171f2e47e07dcefa38
904ba081412bc1276b283a28aea31b2d4c3f4d3c3642e530887bcf77b

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 14 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Alfonso; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:48 - Caballero Álvarez, Abel
 00:01:51 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:04:03 - Caballero Álvarez, Abel
 00:04:05 - Pérez Correa, Rubén
 00:08:02 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:08:47 - López Font, Carlos
 00:12:58 - Caballero Álvarez, Abel
 00:13:05 - Votación [9:18:28]
 00:13:27 - Voto particular Concelleiro non adscrito
 00:13:52 - Votación [9:19:15]
 00:14:26 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e corenta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 4/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/03/2023 10:17	Páxina 15 de 15
3778-1101	CSV: AEA922-B8D7D6-E2DB8B-PE1QH4-A67Z7P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		